

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O grupo parlamentari da Alternativa Galega de Esquerda, por medio da súa deputada Yolanda Díaz Pérez, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación**, relativa á creación dun xulgado do mercantil na Coruña e en Ferrol - As Pontes

Exposición de motivos

Os feitos delatan a incuria da Xunta respecto da situación dos xulgados do país, en particular e para o caso que nos ocupa, da xurisdición do mercantil, cuxos xulgados sobrepasan as ráteos definidas polo Consello Xeral do Poder Xudicial. Este órgano marca a cifra de 450 asuntos para cada xulgado do mercantil e vala como exemplo, no xulgado de reforzo do mercantil na Coruña entraron no exercicio 2014, un total de 1.048 asuntos dispoñendo só dun xuíz substituto por prazos prorrogables de seis meses, ou a situación do mercantil 1 desa cidade, que presenta unha sobrecarga do 204% con algúns asuntos particularmente complexos.

A secuencia dos concursos presentados na xurisdición mercantil amosa un claro incremento sostido, pasando entre 2010 e 2013, de 70 a 135 concursos presentados no 1º de Coruña, ou de 24 a 70 concursos no 2º de primeira instancia e instrución de Lugo, que desempeña funcións de carácter mercantil.

O bloqueo da oferta pública de emprego na xustiza imposto polo goberno Feijóo e a renuncia a facer valer os intereses xerais da cidadanía a dispor dunha xustiza cos medios e órganos suficientes para facer xustiza en tempo supoñen os elementos que explican a saturación desta xurisdición. Que requerimentos oficiais realizou a Xunta de Galicia diante do ministerio para conquistar novos órganos xudiciais nesta xurisdición?

O grupo parlamentar da AGE quere acompañar a denuncia da sobrecarga de traballo nos xulgados, e as súas repercusións negativas para as plantillas e dende logo para a administración áxil e efectiva da xustiza, cunha proposición factible de solución: por parte da Xunta cómpre rectificar para ampliar as plantillas dos xulgados do mercantil equiparándoas ás dos de instrución, garantir a cobertura das vacantes e a fin do bloqueo da oferta pública de emprego, e a demanda firme para que se creen novos órganos xudiciais na xurisdición mercantil, tanto na Coruña como en Ferrol- As Pontes.

Polo referido, o grupo parlamentar da AGE achega a seguinte interpelación:

- Que valoración realiza o goberno da Xunta da saturacións da xurisdición mercantil no noso país?
- Realizou a Xunta, e resta constancia documental, petición algunha ao Estado para a creación destes novos órganos xudiciais?
- Contempla o goberno galego demandar a creación de un novo xulgado do mercantil na Coruña e outro en Ferrol – As Pontes.
- Vai o goberno galego ampliar as plantillas dos xulgados do mercantil para equiparalas ás dos xulgados de instrución?

En Compostela, 21 de xaneiro do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 21/01/2015 13:06:58